

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), a inicitiva dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as necesidades de persoal do CEIP de Vite de Compostela.

A comunidade educativa do CEIP de Vite en Compostela está a sentir os efectos desoladores dos recortes educativos especialmente, no que se refire á capacidade para dar unha resposta axeitada á diversidade de alumnado escolarizado neste centro de ensino. Un feito grave por si mesmo, pero que colle unhas maiores dimensións se temos en conta que estamos diante dun centro de escolarización preferente para alumnado con Necesidades Educativas Especiais de etioloxía motórica.

Aulas ao límite da súa capacidade con numeroso alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE), falla de profesorado de apoio, falla de especialistas en Pedagogía Terapéutica e a Audición e Linguaxe, falla de persoal coidador e desleixo da administración... son algunhas das principais eivas coas que cada día ten que loitar a comunidade educativa de Vite. Unha situación límite que se concreta en aulas ao limite da súa capacidade, con alumnos e alumnas con Necesidades Educativas Especiais e con serias dificultades para dar unha resposta educativa axeitada.

Ata o presente curso académico, o CEIP de Vite contaba con dous especialistas de Pedagogía Terapéutica (PT), un especialista en Audición e Linguaxe (AL) e dúas Coidadoras, uns recursos que se facían absolutamente insuficientes para garantir un axeitado desenvolvemento dos procesos de ensino e aprendizaxe e unha atención a diversidade respectuosa co principio de inclusión educativa.

Por todo elo dende o centro cursaron unha petición de recursos para o curso 2015-2016

dirixida a contar tres especialistas en Pedagogía Terapéutica, dous especialistas en Audición e Linguaxe e tres coidadoras ou coidadores, unha petición de mínimos coa que se pretendía cubrir as principais necesidades do centro.

Estas peticións, lonxe de verse cumpridas, foron devaluadas ata quedar moi lonxe duns mínimos aceptables. Os tres especialistas en PT solicitados, convertéronse en dúas PT a tempo completo e outra que exerce como titora. A petición do especialista de AL quedou completamente desatendida e a nova coidadora ou coidador necesario, reduciuse a unha coidadora que acode dous días á semana. Un desbaratamento que dificilmente pode permitir organizar as tarefas de ensino e aprendizaxe ou facer un seguimento coherente da evolución do alumnado. Todo elo acontece nun centro de Escolarización Preferente para alumnado con NEE que ademais ten o seu Departamento de Orientación compartido con outro centro.

Estamos en definitiva diante dunha realidade educativa que está a transformar o obxectivo de acadar unha educación inclusiva, nunha frustración continuada que ademais somete a comunidade educativa o sufrimento de non atender ao alumnado como se merece, incumpríndose deste xeito un dos seus dereitos mais básicos.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento Galego insta ao Goberno Galego a que dote o CEIP de Vite de Compostela do profesorado necesario para garantir unha axeitada atención á diversidade do alumnado escolarizado, comezando por garantir que este centro dispoña de tres profesores ou profesoras de Pedagogía Terapéutica, dous profesores ou profesoras de Audición e Linguaxe e tres coidadoras ou coidadores, todos eles a tempo completo.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2015.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz

Xabier Ron Fernández

Deputados do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 27/10/2015 17:17:12**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 27/10/2015 17:17:20**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 27/10/2015 17:17:28**